



PASEO HISTÓRICO POR BETANZOS



Orde do roteiro

1. Museo das Mariñas
2. Arquivo-Liceo
3. Praza Irmáns García Naveira
4. Fonte Diana Cazadora
5. Farmacia Couceiro Serrano
6. Praza da Constitución
7. O Forno Moar (O Forno da Casa de Lanzós)
8. Xudeus en Betanzos

Presentación do roteiro

Se necesitas un plan para desconectar temos o plan perfecto para ti. Non hai nada mellor que un paseo acougado por Betanzos, observando diferentes obras arquitectónicas e históricas e aprendendo a historia que teñen detrás. Para isto creamos un pequeno roteiro cos lugares que consideramos os máis emblemáticos da famosa "Cidade dos cabaleiros". Esperamos que o goceades!





Museo das Mariñas

O Museo das Mariñas é un museo de historia e etnografía situado en Betanzos, dedicado a comarca das Mariñas Coruñesas. Sitúase no antigo convento de Santo Domingo de Betanzos e foi inaugurado en 1983. No mesmo edificio atópanse o arquivo e a biblioteca municipal,

No interior do museo, exhíbense diversas mostras de pezas arqueolóxicas provintes da comarca. Así mesmo, o museo conta con seccións dedicadas á etnografía, ao traxe galego e ás táboas do apostolado da escola de Rubens. Un aspecto destacado da exhibición é a colección de tapices e encaixes, a cal forma parte do depósito da Fundación Jiménez Cossío. Esta valiosa colección achega un elemento artístico e cultural significativo ao museo, enriquecendo a experiencia dos visitantes e consolidando a súa posición coma un punto de referencia cultural na comarca.





Arquivo-Liceo

O Arquivo-Liceo de Betanzos, situado na praza dos “Irmáns García Naveira” na cidade de Betanzos, é un edificio histórico do século XVIII. Orixinalmente construído para albergar o Arquivo do Reino de Galicia. Na actualidade, o edificio serve como sede do Concello de Betanzos e funciona como un centro cultural.

O Arquivo-Liceo alberga diversas instalacións, como a aula de Cultura Xulio Cuns, a Sala Azul, a Sala de Exposicións Jesús Núñez e a Sala de Usos Múltiples. Estas áreas utilízanse para eventos culturais, exposicións e diversas actividades, contribuíndo á preservación e difusión do patrimonio cultural da rexión. A presenza da "Alameda" destaca o escudo de Galicia e as sete partes ou provincias que constituían a comunidade no século XVIII.



Praza Irmáns García Naveira

O corazón vital de Betanzos sitúase na Praza Irmáns García Naveira, máis coñecida como "Do Campo", debido ao seu histórico uso como campo de feira ao longo dos séculos. Un monumento recentemente erixido rende homenaxe aos irmáns García Naveira, xenerosos benefactores da cidade. Complementan a praza outros edificios notables, como o convento de Santo Domingo, construído entre os séculos XVI e XVIII. Este conxunto arquitectónico non só enriquece a historia de Betanzos, senón que tamén converte á Praza Irmáns García Naveira nun punto focal que reflicte a importancia e a evolución da cidade ao longo das épocas.



Fonte Diana Cazadora




A Fonte Diana Cazadora, situada na Praza dos Irmáns García Naveira en Betanzos, foi inaugurada en 1867 e é unha precisa réplica da Diana do Louvre, elaborada en ferro coado. Esta notable fonte foi confeccionada nos talleres da fundición "Ducel et Fils" en París, seguindo o deseño do enxeñeiro Pedro Villar. Caracterizada por un pilón poligonal, a fonte conta con dúas sirenas que sosteñen unha peana adornada con grilandas, sobre a cal repousa a escultura da deusa mitolóxica xunto a un cervo.

Engade un toque artístico e arquitectónico significativo á Praza dos Irmáns García Naveira.

Farmacia Couceiro Serrano

A Farmacia do Doutor Couceiro Serrano, con máis de tres séculos de historia na Rúa dos Prateiros, de Betanzos, mantivo o seu carácter familiar e vocación de servizo público dende 1719. Fundada por Alonso Bermúdez de Castro, pasou por nove xeracións de farmacéuticos e conserva documentos do século XVIII que ofrecen unha perspectiva única sobre a evolución da profesión e a historia local. María Luisa Couceiro Seoane, da oitava xeración, modernizou o negocio, converténdoo nun monumento que fusiona tradición e modernidade. Recoñecida coa Medalla de Prata de Galicia en 2001, a farmacia é visitada por persoas de toda Europa, sendo a familia Couceiro unha parte significativa da historia de Betanzos, especialmente destacando a contribución industrial de Jesús Couceiro Núñez.



Praza da Constitución



A praza da constitución experimentou varias reformas ao longo do tempo e sempre foi considerada o corazón da cidade. A súa localización corresponde á zona do antigo casco onde se estableceu a poboación orixinal. Esta praza, xunto coa Praza Irmáns García Naveira e a Praza de Galicia, constitúe as tres prazas principais de Betanzos. Nesta praza destaca o Concello, unha obra neoclásica deseñada polo arquitecto Ventura Rodríguez, que se erixe coma o edificio principal. Con todo, o máis significativo desta praza é a súa capacidade para reflectir a importancia que tivo a cidade durante a Idade Media. Nela, atópanse representados os principais poderes da época: a Igrexia, a través do templo dedicado a Santiago, e a nobreza, simbolizada polos pazos de Bendaña, Lanzós e Taboada.

O Forno Moar (O Forno da Casa de Lanzós)

A Panadería Moar, aberta dende aproximadamente 1578, pechou as súas portas na rúa Torre de Betanzos no ano 2020. Este forno, foi considerado o máis antigo en funcionamento de España nas súas características, foi operado pola familia da matriarca, María del Carmen Moar, dende fai varias xeracións. A decisión de pechar debeuse ao retiro de Carmiña, de 71 anos e coñecida por todos na zona.

A panadería estaba especializada en pan, empanadas e asados. A pesar da tristeza polo peche, Carmiña destaca a calidade única dos seus produtos e lamenta a perda dun oficio tradicional.



Xudeus en Betanzos



O Barrio dos Xudeus en Betanzos é probablemente o lugar onde se poden atopar máis evidencias da presenza xudía na cidade. A arquitectura, as rúas e a disposición das edificacións poden ofrecer pistas sobre a distribución histórica da comunidade xudía.

O arquitecto Emilio Fonseca Moretón investigou detalladamente o barrio xudeu e os elementos hebraicos presentes nas igrexas de Betanzos. Durante a súa análise, identificou hexágonos (estrelas de David ou selos de Salomón), pequenos soportes nas fachadas destinados a soste a lámpada da Janucá e fendas nas portas, características observadas en xuderías de gran importancia. (A imaxe pertence ao sepulcro da igrexa de San Francisco de Betanzos)

Conclusión

Concluindo o noso traballo sobre "Un paseo histórico por Betanzos", queriamos destacar algúns aspectos que experimentamos ao longo da elaboración deste proxecto, entre iso tivemos unha profunda admiración pola riquísima herdanza cultural desta encantadora cidade. Desde a fascinante exhibición do Museo das Mariñas ata a emblemática praza dos Irmáns García Naveira, cada recuncho de Betanzos conta unha historia única e revela a profunda conexión co seu pasado. A presenza tanxible da cultura xudía nas súas rúas e a nostálxica visita ao histórico forno Moar deixaron unha impresión duradeira, lembrándonos a importancia de preservar e apreciar a historia viva deste tesouro galego.

